



CONCELLO DE CHANTADA

EXPEDIENTE: 1114/2021

OBXECTO: ORZAMENTO DO CONCELLO DE CHANTADA PARA O EXERCICIO 2022.

Dona María Yebra-Pimentel López, Funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, que desempeña o posto de Intervención do Concello de Chantada, en cumprimento das obrigas establecidas no artigo 4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional e na función de control financeiro permanente establecido no RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico de Control Interno das Entidades do Sector Público Local emite o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

Fundamentalmente, obra no expediente a seguinte documentación:

- Proxecto de Orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2022, que se presenta acompañado da documentación prevista no TRLRFL.
- Informe de Secretaría indicativo do procedemento a seguir.
- Providencia de Alcaldía que solicita a emisión do presente informe.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- RD 500/1190, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I da LRFL (RD 500).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- RD Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local (TRRL).
- LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (LOEPSF).
- RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 2/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria para a súa aplicación as Entidades Locais.
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- Lei 27/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: ATZEJ9PZDTY2QYREDX7CJGZEY | Corrección: https://chantada.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10



CONCELLO DE CHANTADA

- Acordo do Consello de Ministros de 27 de xullo de 2021 de suspensión das regras fiscais para o exercicio 2020 e 2021, aprobado polo Congreso en data 13 de setembro de 2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Os orzamentos xerais das entidades locais constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que se prevean liquidar durante o correspondente exercicio, así como as previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente. Asimesmo, o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a él imputarase os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período do que deriven e as obrigas recoñecidas durante o exercicio.

Segundo.- As entidades locais elaborarán e aprobarán anualmente un orzamento xeral no que se integrarán o orzamento da propia entidade, os dos organismos autónomos dependentes desta e os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local.

O orzamento atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade e conterá, para cada un dos orzamentos que nel se integren:

- a) Os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- b) Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos a liquidar durante o exercicio.

Asimesmo, incluírá as bases de execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convintes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que podan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativo que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento.

Os recursos da entidade local e de cada un dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís destinaranse a satisfacer o conxunto das súas respectivas obrigas, salvo no caso de ingresos específicos afectados a fins determinados.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: ATZEJ9PZDY2QYREDX7CJGZEY | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10



CONCELLO DE CHANTADA

Os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas aplicaránse aos orzamentos polo seu importe íntegro, quedando prohibido atender obrigas mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, salvo que a lei o autorice de xeito expreso. Exceptúanse do anterior a devolución de ingresos que se declaren indebidos polo tribunal ou autoridade competente.

Cada un dos orzamentos que integren o xeral deberá aprobarse sen déficit inicial.

Terceiro.- O orzamento da entidade local será formado polo seu Presidente e ao mesmo deberá unirse a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, aos seis meses do exercicio corrente.
- c) Anexo de persoal da Entidade Local.
- d) Anexo das inversións a realizar no exercicio.
- e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada entidade local.
- f) Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigas pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que ditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiación ao que se refire o artigo 57 bis da LRBRL.
- g) Un informe económico-financieiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

Cuarto.- O presidente da entidade formará o orzamento xeral e remitiráo, informado pola intervención ao Pleno da Corporación antes do 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución. Aprobado inicialmente o orzamento xeral, exporáse ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou Comunidade Autónoma uniprovincial, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento consideraráse definitivamente aprobado se no citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá de un mes para resolvelas. A aprobación

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: AZZEJ9PZDTY2QYREDX7CJGZEY | Corrección: https://chantada.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10



CONCELLO DE CHANTADA

definitiva do orzamento xeral polo Pleno da Corporación deberá realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse. O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será insertado no Boletín Oficial da Corporación, se o tivese, e, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran, no da provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e da Correspondente Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial sinalado. O orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma sinalada. A copia do orzamento e das súas modificacións deberá estar a disposición do público, a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

Aos efectos de presentar reclamacións ao orzamento terán a consideración de interesados:

- a) Os habitantes do territorio da entidade local
- b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios.

Só poderán entablarse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non terse axustado na súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos na lei.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por se de manifesta insuficiencia os ingresos en relación cos gastos orzamentados ou ben destes respecto ás necesidades para as que están previstos.

Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras de dita xurisdicción. O Tribunal de Contas deberá informar previamente a resolución do recurso cando a impugnación afecte ou se refira á nivelación orzamentaria. A interposición do recurso non suspenderá por sí sola a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola corporación.

Quinto.- Segundo o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, en cumprimento das obrigas de publicidade activa deberán facerse públicos os orzamentos, con descrición das principais partidas orzamentarias e

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: ATZEJ9PZDY2QYREDX7CJGZEY | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10



CONCELLO DE CHANTADA

información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución e sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira das Administracións Públicas.

Sexto.- O proxecto de orzamento que se somete a informe de esta Intervención presenta o seguintes importes globais:

ORZAMENTO	IMPORTE
INGRESOS	6.737.632
GASTOS	6.737.632
DIFERENCIA	0

O orzamento preséntase sen déficit inicial, cumprindo o principio de equilibrio orzamentario, definido como aquel que esixe a nivelación orzamentaria, prohibindo a previsión de gastos superiores aos ingresos orzamentarios.

O proxecto de orzamento presenta o seguinte clasificación por capítulos:

INGRESOS

CAPITULOS	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	
1	GASTOS DE PERSONAS	2.853.890,56	
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	3.329.200,75	
3	TAXAS Y PREZOS PÚBLICOS	631.977,14	
3	GASTOS DE SERVICIOS	7.694,04	
GASTOS	4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	227.065,50
	5	FINANZAS DE PATRIMONIO	9.900
	SUBTOTAL OPERACIONES	6.299.102,71	
	SUBTOTAL OPERACIONES	5.961.433,83	
	(1 & 5) ALICUOTAS DE	0	
	6	INVERSIONS REAIS	764.880,44
	7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	438.529,29
	8	ACTIVOS FINANCIEROS	0
	9	PASIVOS FINANCIEROS	11.307,73
	SUBTOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	438.529,29	
	(6 & 9)	OPERACIONES DE CAPITAL	438.529,29
	TOTAL INGRESOS	6.737.632	





CONCELLO DE CHANTADA

- Observacións:

En canto aos ingresos, tendo en conta a xustificación recollida no informe económico-financieiro así como o contido da memoria, e en aplicación do principio de prudencia respecto das consecuencias e económico-financieiras que puideran derivarse da cobertura de gastos con cargo a ingresos previsibles que posteriormente non reflexasen a execución orzamentaria prevista, esta Intervención considera que sería convinte prestar atención á súa execución para que, no caso de que as condicións se modificasen ao longo do exercicio e os condicionantes sinalados non se cumprisen, poderán realizarse revisións correctoras á baixa. En caso contrario admitiríase a realización de gastos, correntes e de investimento, financiados en base a estimacións de ingresos correntes que, no caso de non cumprirse as expectativas produciría, sen prexuízo dos resultados orzamentarios derivados doutros conceptos, un resultado de déficit orzamentario. Convén, por tanto, levar cumprida vixancia da execución de ingresos para, no caso de que fose necesario, proceder ás medidas de contención do gasto que resultara procedente. De calquera xeito, as contías recollidas nos distintos capítulos de ingresos constitúen meras previsións, susceptibles de control á vista da execución efectiva das mesmas ao longo do exercicio e cuxa valoración e xustificación corresponden aos órganos xestores.

En canto aos gastos, advírtese que resulta necesario levar un control estrito da execución do presuposto de gastos a efectos de garantir a suxeición estrita ao principio de especialidade cuantitativa dos créditos. Recoméndase o control periódico desta execución, fundamentalmente no que se refire ao gasto do Capítulo II, aos efectos de non incrementar o importe da conta 413, e de controlar a débeda comercial.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: ATZEJ9PZDTY2QYREDX7CJGZEY | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10



CONCELLO DE CHANTADA

Sétimo.- O Acordo do Consello de Ministros de data de data 27 de xullo de 2021, seguindo as directrices comunitarias, acordou prorrogar a suspensión das regras fiscais para o exercicio 2022. Esta declaración foi aprobada polo Congreso dos Deputados en data 13 de setembro de 2021, o que implica unha serie de consecuencias.

Non obstante, a suspensión das regras fiscais non implica renunciar á prudencia e responsabilidade na xestión financeira e, polo tanto, continúan tamén viventes as seguintes obrigas: a) As relativas ao cumprimento do período medio do pagamento b) As de transparencia previstas na LOEPSF e normas de desenvolvemento c) A de avaliar a capacidade/necesidade de financiación en termos de contabilidade nacional no seu orzamento, na súa execución e na súa liquidación d) A responsabilidade fiscal e a aplicación do principio de prudencia financeira na estimación dos ingresos e gastos para elaborar o orzamento.

En cumprimento do sinalado procede que esta Intervención se pronuncie en canto á estimación de cumprimento/incumprimento da estabilidade orzamentaria no proxecto de orzamento para 2022.

O artigo 3 da LOEPSF define a estabilidade orzamentaria como a situación de equilibrio ou superávit estrutural, sinalando que a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación da Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria coherente coa normativa europea. Asimesmo, segundo o artigo 11 desta Lei, a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten a gastos ou ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que formen parte do sector público someterase ao principio de estabilidade orzamentaria. Ningunha Administración Pública poderá incurrir en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais. As Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Sentado o anterior, debe avaliarse se o proxecto do orzamento presentado cumpre o principio de estabilidade orzamentaria, procedéndose, para elo, ao seu cómputo, dacordo coas instrucións sinaladas no Manual da IGAE para o cálculo da estabilidade orzamentaría das Corporacións Locais.

CAPITULOS	IMPOTES
1 A 7 DE INGRESOS	6.737.632,00
1 A 7 DE GASTOS	6.726.314,27
TOTAL	11.317,73
AXUSTES SEC	+12.761,94

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

TOTAL AXUSTADO	24.079,67
-----------------------	------------------

Dacordo co Manual para o cálculo da estabilidade orzamentaria das Corporacións Locais practícanse os seguintes axustes:

Primeiro.- Diferencia entre Dereitos Recoñecidos Netos e Recadación Neta de corrente e cerrados, polos Capítulos 1 a 3 de ingresos.

- Explicación do axuste

En contabilidade nacional o criterio para a imputación destes ingresos é o de caixa, mentres que en contabilidade orzamentaria séguese o criterio de devengo. Deste xeito, se a recadación por corrente e por cerrados é inferior aos dereitos recoñecidos practicarásese un axuste negativo (menor capacidade de financiación) e se a recadación por corrente e por cerrados é superior aos dereitos recoñecidos practicarásese un axuste positivo (maior capacidade de financiación).

Ainda que o momento no que se está a efectuar este cómputo é o da elaboración do orzamento e non se pode estimar con total fiabilidade os datos de recadación á fin do exercicio 2021, óptase por utilizar os datos do exercicio 2020, e non unha media dos tres exercicios anteriores por entender que son máis representativos das previsións da execución orzamentaria a finais de 2021, posto que nos anos precedentes os datos vense distorsionados pola liquidación de atrasos do IBI, como consecuencia da regularización catastral.

- Axuste

CAPITULO INGRESOS	DRN EJERCICIO 2021	RECADACIÓN 2021 CORRENTE	RECADACIÓN 2021 PECHADOS	AXUSTE
1	2.726.649,51	2.312.718,39	345.197,92	-68.733,2
2	103.318,90	103.318,90	0	0
3	612.318,43	555.169,85	43.594,08	-13.554,5
TOTAL				-82.287,7

Segundo.- Participación en tributos do Estado

- Explicación do axuste

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: ATZEJ9PZDY2QYREDX7CJGZEY | Corrección: https://chantada.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10



CONCELLO DE CHANTADA

Realizaráse un axuste positivo polas cantidades que se prevé sexan retidas no exercicio 2022 correspondentes ás liquidacións negativas da PTE noutros exercicios. Procédese dacordo cos datos obrantes en contabilidade, non obstante este axuste debe practicarse con prudencia dada a incerteza da evolución destes ingresos a fin de ano, sendo posible que resultase unha liquidación negativa.

- Axuste

Segundo os datos obrantes na contabilidade municipal no exercicio 2022 producíronse devolucións por PIE correspondente aos exercicios 2008 e 2009 por importe de 7.799,64. Tendo en conta que se prevé un incremento na participación dos tributos do Estado para o exercicio 2022 coa finalidade de paliar as liquidacións negativas do exercicio 2020 ocasionadas pola pandemia da COVID-19, aproximadamente do 8%, entendese que o axuste é de 87.250 por liquidacións negativas do ano 2020.

O axuste total a practicar segundo estas estimacións é de **95.049,64**.

- Inexecución do orzamento

Debe terse en conta que é previsible que se produza un porcentaxe de inexecución do orzamento, en cuxo caso minoraríanse as obrigas recoñecidas dando lugar a un maior cumprimento da estabilidade.

CONCLUSIÓN

Primeira.- O proxecto do orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2022 preséntase equilibrado, sen que se aprecien dacordo coa memoria de Alcaldía obrante no expediente indicios de sobreestimación de ingresos. Non obstante debe realizarse un control estrito da execución dos ingresos aos efectos de adoptar modificacións correctoras á baixa no suposto de que ao longo do exercicio orzamentario se apreciasen indicios de non realización dos mesmos. No mesmo senso, debe levarse un control estrito da execución dos gastos.

Segunda.- Segundo o Acordo do Consello de Ministros de data 27 de xullo de 2021 as regras fiscais atópanse en suspenso. Sen prexuízo do anterior, e unha vez avaliada a previsión de cumprimento/incumplimento da estabilidade orzamentaria, esta Intervención entende, cos datos actuais, que podería cumprirse a fin de exercicio, sen prexuízo das advertencias mencionadas en canto ao control da execución.

Chantada, na data da sinatura dixital

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: ATZEJ9PZDTY2QYREDX7CJGZEY | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10



CONCELLO DE CHANTADA

A Interventora

María Yebra-Pimentel López

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: ATZEJ9PZDTY2QYREDX7CJGZEY | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10